

Ordenación Educativa

ORDE do XX do XX de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

Índice

ORDE do XX do XX de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia	1
1.1 Capítulo I. Disposicións xerais	5
Artigo 1. Obxecto	5
Artigo 2. Ámbito de aplicación	5
1.2 Capítulo II. Organización	5
Artigo 3. Organización xeral	5
Artigo 4. Oferta de materias no centro	5
Artigo 5. Grupo de alumnado para as materias comúns	6
Artigo 6. Cambio de modalidade ou de vía	6
Artigo 7. Cambio de materias	7
Artigo 8. Continuidade entre materias	7
Artigo 9. A materia común Lingua Estranxeira	8
Artigo 10. Organización do bacharelato en tres anos académicos	8
Artigo 11. Materias pendentes	9
Artigo 12. Validación e exención de materias	10
Artigo 13. Titoría	10
1.3 Capítulo III. Desenvolvemento do currículo	10
Artigo 14. Autonomía do centro	11
Artigo 15. Concreción curricular	11
Artigo 16. Programacións didácticas	11
Artigo 17. Métodos pedagóxicos	12
Artigo 18. Plans educativos	12
Artigo 19. O plan de lectura	13
Artigo 20. O plan de biblioteca	13
Artigo 21. O plan dixital	13
Artigo 22. O plan de actividades físicas e hábitos saudables	14
Artigo 23. A concreción anual dos plans educativos	14
1.4 Capítulo IV. Avaliación, participación e dereito á información	14
1.4.1 Sección 1ª. Avaliación	14
Artigo 24. Carácter da avaliación	14
Artigo 25. Sesións de avaliación	15
Artigo 26. Avaliación inicial	16
Artigo 27. Avaliacións parciais	16
Artigo 28. Avaliación final ordinaria e extraordinaria	16
Artigo 29. Cualificacións	17
Artigo 30. Promoción	17
Artigo 31. Titulación	17
Artigo 32. Titulación desde outros estudos	18
Artigo 33. Titulación desde os estudos de bacharelato para persoas adultas	18
Artigo 34. Matrícula de honra	19
Artigo 35. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	19
Artigo 36. Información da avaliación	19
Artigo 37. Modelos dos documentos oficiais de avaliación	19
1.4.2 Sección 2ª. Procedemento de revisión e reclamación	20
Artigo 38. Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva	20
Artigo 39. Solicitude de revisión no centro	20

Artigo 40. Procedemento de revisión de cualificacións finais	21
Artigo 41. Procedemento de revisión da decisión de titulación	21
Artigo 42. Solicitud de reclamación ante as xefaturas territoriais	22
Artigo 43. Procedemento de reclamación	22
1.5 DISPOSICIÓNs	23
Disposicións adicionais	23
Disposición adicional primeira. Adquisición doutra modalidade no bacharelato	23
Disposición adicional segunda. Atención educativa	23
Disposición transitoria primeira. Aplicabilidade da Orde do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia	23
Disposición transitoria segunda. Aplicabilidade da Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia	24
Disposición derogatoria única. Derogación normativa	24
Disposicións derradeiras	24
Primeira. Habilitación para o desenvolvemento normativo	24
Segunda. Entrada en vigor	25
ANEXO I	26
Modelo de dilixencia para facer constar o cambio de modalidade ou vía	26
ANEXO II	26
Modelo de dilixencia para facer constar a acreditación dos coñecementos previos	26
ANEXO III	26
Modelos de dilixencia para facer constar a validación ou a exención de materias	26
ANEXO IV. Modelo de actas de avaliación parcial	27
ANEXO V. Modelo de actas de avaliación final	33
ANEXO V. Expediente académico do alumnado de bacharelato	41
ANEXO VII. Historial académico de bacharelato	48
ANEXO VIII. Informe persoal por traslado de bacharelato	54

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, creou unha nova estrutura curricular e afectou, entre outros, a varios aspectos do bacharelato como os principios e obxectivos, a organización ou a avaliación.

O Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato, aprobou a nivel estatal as ensinanzas mínimas para esta etapa, determinando os aspectos básicos do currículo, establecendo os seus obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos, encomendando ás administracións educativas establecer os currículos que serán de aplicación no seu ámbito de xestión.

Nese contexto, o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia concretou as intencións do sistema educativo galego para esta etapa, establecendo a súa organización e completando as ensinanzas mínimas, facultando á persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas no relativo ao desenvolvemento do decreto.

En consecuencia, como conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, facendo uso das competencias que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e da habilitación contida na disposición derradeira segunda do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia,

DISPOÑO:

1.1 Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Esta orde ten como obxecto regular o desenvolvemento e a avaliación do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Esta orde será de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan as ensinanzas de bacharelato.

1.2 Capítulo II. Organización

Artigo 3. Organización xeral

1. O alumnado admitido nun centro docente para cursar as ensinanzas de bacharelato matricularase nunha das modalidades ou vías ofertadas.
2. O alumnado terá que cursar en cada un dos dous cursos as materias comúns, as materias específicas da modalidade elixida, unha obrigatoria e dúas de opción, e unha das materias optativas, ás que se refiren os artigos 10 e 11 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.
3. As alumnas e os alumnos poderán permanecer cursando bacharelato en réxime ordinario durante catro anos, consecutivos ou non.
4. As nais, os pais ou as persoas titoras legais, ou o propio alumnado no caso de ser maior de idade, poderán solicitar a anulación de matrícula á dirección do centro docente, antes do 30 de abril, cando circunstancias de doenza prolongada, de incorporación a un posto de traballo ou de obrigas de tipo familiar ou persoal impidan seguir, en situación normal, os estudos. A solicitude, á cal cumprirá achegar as xustificacións pertinentes, será resolta nun prazo de 10 días hábiles pola dirección do centro. No caso dos centros privados, a competencia da devandita anulación corresponderá á dirección do centro público á que estea adscrito.
5. Poderase solicitar simultaneidade na matrícula de ensinanzas de bacharelato coas ensinanzas de formación profesional, con autorización do Servizo Territorial de Inspección Educativa e nas condicións establecidas na normativa correspondente.

Poderase solicitar simultaneidade na matrícula das ensinanzas de bacharelato coas ensinanzas de música e danza nas condicións reguladas no artigo 10.

Artigo 4. Oferta de materias no centro

1. Os centros docentes ofertarán a totalidade das materias comúns e das materias específicas das modalidades e, de ser o caso, das vías que teñan autorizadas. Ademais concretarán a súa oferta de materias optativas que formará parte da súa concreción curricular.

Para ofertar un idioma na materia Lingua Estranxeira precisárase un mínimo de cinco alumnas e/ou alumnos, sempre que a organización e os recursos do centro o permitan.

2. A materia optativa Segunda Lingua Estranxeira ofertárase en calquera das modalidades ou vías que se impartan. O resto das materias optativas, entre as que se atopan as materias de modalidade, ou vía, con independencia de que a modalidade, ou vía, se imparta ou non no centro, poderán ser ofertadas

en calquera das modalidades de bacharelato, sempre que a organización e os recursos do centro o permitan.

3. Os centros docentes poderán establecer itinerarios orientados aos diversos campos das ensinanzas superiores, que agruparán materias específicas da modalidade elixida e materias optativas, para orientar ao alumnado na elección das mesmas.

4. As materias específicas de modalidade e as materias optativas que non teñan un número suficiente de alumnado que solicite cursalas non poderán ser impartidas no centro.

As materias específicas de modalidade, obrigatorias e de opción, precisan dun mínimo de cinco alumnas e/ou alumnos para poder ser impartidas. Excepcionalmente, poderán impartirse cun número menor de alumnas ou alumnos coa autorización expresa da xefatura territorial correspondente, logo do informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa.

As materias optativas precisan dun número mínimo de dez alumnas e/ou alumnos para poder ser impartidas.

Coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse as materias optativas cun número menor de alumnas ou alumnos. Neste caso, precisarase a autorización expresa da xefatura territorial correspondente, logo do informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa. En ningún caso, o número de alumnado será inferior a cinco.

5. Cando nun centro docente non se poida constituír grupo dalgunha materia específica de modalidade por non ter o número suficiente de alumnado para impartila, facilitarase ao alumnado que a curse a través das ensinanzas para persoas adultas mediante a modalidade de educación a distancia ou, de non ser posible, noutros centros docentes, sempre que a organización dos horarios de ambos os dous o permitan. En calquera caso, contará coa autorización das nais, os pais ou as persoas titoras legais, cando se trate de alumnado menor de idade.

Artigo 5. Grupo de alumnado para as materias comúns

Os centros docentes, con carácter xeral, agruparán ao alumnado á hora de impartir as materias comúns, aínda sendo de distintas modalidades, ou vías. Neste caso, o número total de alumnado que conforme cada grupo non poderá superar o establecido para cada unidade escolar na normativa de admisión para a etapa de bacharelato.

Artigo 6. Cambio de modalidade ou de vía

1. O alumnado que promociione ou que repita o segundo curso poderá solicitar á dirección do centro o cambio de modalidade, ou vía, antes do comezo das actividades lectivas.

Excepcionalmente, o alumnado matriculado en primeiro curso poderá solicitar á dirección do centro o cambio de modalidade, ou vía, antes do 15 de outubro.

2. En todo caso, ao finalizar o segundo curso de bacharelato, o alumnado deberá ter cursadas e superadas todas as materias comúns, seis materias específicas da nova modalidade, ou vía, elixida, das cales unha obrigatoria e dúas de opción serán de primeiro e unha obrigatoria e dúas de opción serán de segundo, e dúas materias optativas, unha de primeiro e outra de segundo.

3. Para os efectos do cambio de modalidade, terase en conta:

a) As materias específicas de modalidade, ou vía, e a materia optativa de primeiro curso ou de segundo curso xa superadas que sexan coincidentes coas materias da nova modalidade, ou vía, pasarán a formar parte das materias requiridas da nova modalidade, no caso de que a alumna ou o alumno non solicite cursar outras materias diferentes.

- b) Unha das materias específicas de modalidade, ou vía, obrigatoria ou de opción, do primeiro curso, ou do segundo curso, xa superada que non sexa propia da nova modalidade poderá ser considerada como materia optativa do mesmo curso. Neste caso, a alumna ou o alumno deberá solicitalo no momento da solicitude do cambio de modalidade ou vía.
- c) As materias específicas da modalidade, ou vía, que abandone que non formen parte das materias requiridas a efectos de titulación non se terán en conta para o cómputo da media de bacharelato.
- d) Nos casos en que, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir ás clases das materias de primeiro que deba cursar como consecuencia do cambio de modalidade, estas materias trátaranse de forma análoga ás materias pendentes nas condicións reguladas no artigo 11.
- e) Dos cambios de modalidade, ou vía, deixarase constancia no expediente académico mediante unha dilixencia, que se axustará no seu contido ao modelo que se establece anexo I.
- f) As novas materias de primeiro debido ao cambio de modalidade, ou vía, non serán computables para os efectos de modificar as condicións en que a alumna ou o alumno promocionou ao segundo curso.
4. A autorización de cambio de modalidade, ou vía, para o alumnado matriculado en centros privados será realizada pola dirección do centro público ao cal estea adscrito, que deberá ter en conta o correspondente informe elaborado pola dirección do centro privado.

Artigo 7. Cambio de materias

O alumnado con avaliación negativa nalgunha materia específica de modalidade, ou vía, ou nalgunha materia optativa, de primeiro ou de segundo curso, no caso de promocionar ou de repetir, poderá optar por recuperala ou por substituíla por outra materia do mesmo grupo ofertada no centro. Neste caso, a alumna ou o alumno deberá solicitalo no momento da matrícula.

Artigo 8. Continuidade entre materias

1. O alumnado poderá matricularse en segundo curso das materias con relación de continuidade que figuran no anexo III do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, sen ter cursada con anterioridade a materia de primeiro.

Neste caso, o alumnado deberá matricularse da correspondente materia de primeiro e cursala como pendente coas condicións establecidas no artigo 11. Esta materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións nas que a alumna ou o alumno promocionou ao segundo curso.

2. Non obstante, no caso das materias específicas de modalidade de opción e no caso das materias optativas, o alumnado poderá acreditar os coñecementos da correspondente materia de primeiro antes do inicio das actividades lectivas do curso académico a través da realización das probas que decida o departamento didáctico, segundo criterios obxectivos e avaliábeis, que verifiquen que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En ningún caso se poderá considerar cursada ou superada a materia de primeiro curso.

No caso de non superar a acreditación dos coñecementos da correspondente materia de primeiro curso, o alumnado deberá matricularse da dita materia e cursala como pendente coas condicións establecidas no artigo 11.

A materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións nas que o alumnado promocionou ao segundo curso.

Deixarase constancia desta acreditación no expediente académico mediante unha dilixencia, que se que se axustará no seu contido ao modelo que se establece anexo II.

Artigo 9. A materia común Lingua Estranxeira

1. Cursarase o mesmo idioma na materia común Lingua Estranxeira nos dous cursos do bacharelato.
2. O alumnado que no segundo curso de bacharelato desexe cambiar o idioma da materia común Lingua Estranxeira poderá incorporase ás ensinanzas de Lingua Estranxeira II noutro idioma coa autorización da dirección do centro e sempre que curse simultaneamente a materia de primeiro curso do novo idioma elixido.

A solicitude de cambio realizarase ante a dirección do centro no momento da matrícula e, en calquera caso, antes do inicio das actividades lectivas do segundo curso.

A correspondente materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que o alumnado promocionou ao segundo curso.

3. Nos casos en que, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir ás clases de Lingua Estranxeira I, esta materia tratarase de forma análoga ás materias pendentes nas condicións reguladas no artigo 11.

Artigo 10. Organización do bacharelato en tres anos académicos

1. O alumnado que se atope nalgunha das seguintes circunstancias poderá solicitar a realización do bacharelato, en réxime ordinario, en tres anos académicos:

- a) Que curse a etapa de maneira simultánea ás ensinanzas profesionais de música ou de danza.
- b) Que acredite a consideración de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.
- c) Que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo.

2. O alumnado ao que se refire as letras a) e b) do número anterior que desexe cursar o bacharelato en tres anos académicos deberá solicitalo ao formalizar a súa matrícula. A solicitude deberá ir acompañada da documentación acreditativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) ou b).

3. O alumnado ao que se refire a letra c) do número 1 deste artigo que desexe cursar o bacharelato en tres anos académicos deberá solicitalo á dirección do centro logo de comezado o curso académico e antes de finais de outubro. Neste caso, seguirase este procedemento de autorización:

- a) Solicitude da dirección do centro docente á xefatura territorial, xunto coa seguinte documentación:

- Informe do departamento de orientación, no cal se acrediten as necesidades específicas de apoio educativo e se propoña a realización do bacharelato en tres anos académicos como a medida máis adecuada para a alumna ou o alumno.
- Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais, no caso de alumnado menor de idade, ou da alumna ou do alumno se é maior de idade.
- Copia do historial académico da alumna ou do alumno.
- Proposta da distribución temporal das materias para cursar o bacharelato en tres anos académicos, que en todo caso deberá respectar os criterios de distribución das materias recollidos no número 5 deste artigo.

- b) A xefatura territorial solicitará informe ao Servizo Territorial de Inspección Educativa e trasladarao, xunto co resto da documentación recibida, á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

c) A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa adoptará a decisión que proceda e comunicarlalla á dirección do centro docente, que informará a alumna ou o alumno afectados.

4. Excepcionalmente poderá solicitarse a organización do bacharelato en tres anos académicos unha vez cursado un ano académico na etapa.

5. O alumnado decidirá a distribución das materias que compoñen o bacharelato nos tres anos académicos, cumprindo os seguintes criterios:

a) No primeiro ano, matricularase no primeiro curso de bacharelato e cursará, como mínimo, as materias comúns do primeiro curso.

b) No segundo ano, de cumprir os criterios de promoción, matricularase no segundo curso de bacharelato e cursará, como mínimo, as materias comúns do segundo curso e, de ser o caso, as materias pendentes do primeiro ano.

c) No terceiro ano, matricularase no segundo curso de bacharelato e cursará as materias específicas de modalidade e optativas do primeiro e o segundo cursos do bacharelato que non cursou nos dous primeiros anos e, de ser o caso, as materias pendentes dos dous anos anteriores.

6. No caso de cursar simultaneamente materias de primeiro e de segundo, se por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non pode asistir á clase da materia de primeiro, esta materia tratarase de forma análoga ás materias pendentes nas condicións reguladas no artigo 11.

7. Os departamentos de orientación dos centros docentes informarán e orientarán o alumnado interesado en cursar o bacharelato en tres anos académicos na selección das materias a cursar en cada ano procurando unha adecuada planificación da selección de materias con continuidade curricular.

8. Este alumnado terá as mesmas condicións de permanencia e de promoción que o resto do alumnado.

9. O alumnado que curse o bacharelato de maneira simultánea ás ensinanzas profesionais de música ou de danza poderá obter o título de bacharel na modalidade de artes, sen necesidade de ter cursados os tres anos académicos, ao termo do curso académico en que supere as materias comúns se acredita que superou as ditas ensinanzas de música ou de danza.

Artigo 11. Materias pendentes

1. O alumnado que acade a promoción a segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.

2. O centro educativo establecerá na súa concreción curricular os criterios para o deseño dos plans de recuperación para o alumnado que acade a promoción con materias pendentes do curso anterior. Así mesmo, as programacións didácticas deberán recoller os procedementos de seguimento, recuperación e avaliación do alumnado con materias pendentes.

3. O departamento didáctico programará actividades e/ou probas de avaliación para verificar ao longo dos trimestres a superación desa materia.

4. O seguimento e a avaliación das materias pendentes será realizado polo profesorado con atribución docente na materia, elixido polo departamento didáctico.

Nas materias de continuidade, será elixido, preferentemente, o profesorado que lle imparta a materia no segundo curso. No resto de materias, será elixido, preferentemente, o profesorado que teña coñecemento do proceso de aprendizaxe e da realidade educativa da alumna ou do alumno por terlle impartido docencia no curso anterior ou por impartirlle docencia no curso actual.

5. A avaliación final das materias pendentes terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

Artigo 12. Validación e exención de materias

1. O alumnado ou a nai, o pai ou a persoa titora legal, no caso de menores de idade, poderá solicitar a validación e/ou a exención de materias nos termos establecidos na normativa de aplicación.
2. Con carácter xeral, a solicitude realizarase ante a dirección do centro durante o mes de setembro. Coa solicitude achegarase a documentación que acredite as circunstancias que xustifiquen a posible validación e/ou exención.
3. As materias obxecto de validación e/ou exención consideraranse como materias superadas a efectos do número de materias requiridas para a obtención do título.

Estas materias non terán cualificación numérica, polo que non computarán a efectos do cálculo da nota media.

4. O alumnado poderá solicitar a validación dunha materia con independencia de que o centro docente a imparta. Para isto, solicitará a matrícula da materia obxecto de validación só a efectos administrativos, polo que este alumnado non computará en relación ao número mínimo de alumnas e alumnos que se precisan para a súa impartición segundo o establecido no artigo 4.

5. Na simultaneidade entre as ensinanzas de bacharelato e as ensinanzas profesionais de música e de danza, o alumnado matriculado no mesmo curso académico nas materias das ensinanzas profesionais de música e de danza correspondentes para a validación ou a exención das materias de bacharelato, impartidas ou non no centro, poderá presentar o certificado académico que acredite a superación das materias das ensinanzas profesionais ata a data en que se leve a cabo a avaliación final extraordinaria. Mentres non acredite a súa superación, a cualificación da materia de bacharelato figurará como pendente.

6. Das validacións e/ou exencións de materias deixarase constancia no expediente académico mediante unha dilixencia, que se axustará no seu contido ao modelo que se establece no anexo III.

Estas materias consignaranse nos documentos de avaliación co termo “Validada” (CV) e/ou o termo “Exenta” (EX).

Artigo 13. Tutoría

1. Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha persoa titora de entre as que desempeñan docencia nel, preferentemente que imparta docencia a todo o grupo, que se responsabilizará, en colaboración co equipo docente, da atención e do seguimento personalizado do alumnado do grupo, así como da orientación da aprendizaxe e do apoio no seu proceso educativo.

Así mesmo facilitará, no caso de alumnado menor de idade, a participación das nais, dos pais e das persoas titoras legais nos termos establecidos na normativa correspondente.

2. O departamento de orientación apoiará e colaborará coas persoas titoras nos termos establecidos no plan de acción tutorial.

3. A xefatura do departamento de orientación informará ao alumnado das posibles vías relacionadas coa modalidade elixida para a continuación da súa formación e das vías profesionais polas que poida optar. Neste proceso incorporárase a perspectiva de xénero, e fomentárase a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes.

1.3 Capítulo III. Desenvolvemento do currículo

Artigo 14. Autonomía do centro

1. Os centros docentes, no uso da súa autonomía, desenvolverán e completarán, de ser o caso, o currículo do bacharelato adaptándoo ás características do alumnado e á súa realidade educativa, e fixarán a súa concreción e incorporaran a ao seu proxecto educativo e funcional, que impulsará e desenvolverá os principios, os obxectivos e a metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.
2. A concreción do currículo que realicen os centros docentes nos seus proxectos educativos e funcionais terá como referente os descritores operativos das competencias clave recollidos no anexo I do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.

Artigo 15. Concreción curricular

1. A concreción curricular, que se incorporará ao proxecto educativo e funcional do centro, establece os criterios e as decisións que orientan o desenvolvemento do currículo e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica.
2. O claustro de profesorado establecerá a concreción curricular do centro para garantir a coherencia na actuación docente.
3. A concreción curricular, que será única para cada centro, incluírá, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 16 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.
4. Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programación Proens que pon a disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e, de ser o caso, para a modificación da concreción curricular. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a supervisión da concreción curricular por parte da Inspección educativa.
5. Os centros docentes farán pública a concreción curricular co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.

Artigo 16. Programacións didácticas

1. A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento didáctico.
2. A programación didáctica de cada materia elaborárase por nivel educativo e será única para todas as liñas do nivel.
3. O profesorado, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos, terá en conta para o deseño ou a modificación das programacións didácticas os seguintes aspectos:
 - a) O disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.
 - b) As decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular do centro.
 - c) O dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva.
 - d) A información recollida no seguimento da programación e na memoria final do curso anterior.
4. A programación didáctica incluírá, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 17 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.
5. O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto ao planificado, a xustificación razoada no caso de desviación e as propostas de mellora. Esta información trasladarase, para a súa valoración e análise, ao

departamento didáctico cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas de reunión.

6. Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programación Proens que pon a disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e o seguimento das programacións didácticas. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a supervisión das programacións didácticas por parte das xefaturas de departamento, dos equipos directivos e da Inspección educativa.

7. Os centros docentes farán públicas as programacións didácticas co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, nos primeiros días de actividade lectiva de cada curso académico o profesorado, coordinado pola xefatura de departamento, e conforme ao procedemento establecido no centro, informará sobre os aspectos da programación didáctica ao alumnado e, de ser o caso, ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais. Así mesmo, informarase dos criterios de promoción e/ou de titulación recollidos na concreción curricular.

Artigo 17. Métodos pedagóxicos

1. A metodoloxía didáctica favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

Para estes efectos, no deseño das actividades de cada materia, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se establecen nas orientacións pedagóxicas para cada materia no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

2. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

3. Tamén será de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato, e de habilidades de uso da información, de expresión escrita e de se expresar correctamente en público.

4. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

5. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, priorizaranse a comprensión, a expresión e a interacción oral.

Artigo 18. Plans educativos

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura, un plan de biblioteca, un plan dixital e un plan de actividades físicas e hábitos saudables, de acordo aos artigos 33, 34 e 35 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.

2. Estes plans serán únicos para cada centro docente e deberán desenvolver aspectos concretos da etapa de bacharelato, así como das outras etapas educativas que se ofertan no dito centro, de ser o caso.

3. Estes plans elaboraranse a partir dun diagnóstico da situación do centro, que permita a definición de obxectivos de cara á mellora. Para o logro dos ditos obxectivos, ao longo do período de vixencia do proxecto educativo e funcional, desenvolveranse en cada curso académico diferentes actuacións.

Os plans estarán orientados a reforzar e complementar a aprendizaxe curricular do alumnado do centro, reforzando a aprendizaxe competencial de cara ao desenvolvemento das competencias clave.

4. Promoverase o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento destes plans.

Artigo 19. O plan de lectura

O plan de lectura no bacharelato terá por finalidade a promoción e o fomento da lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave, e incluírá, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación do mesmo.
- b) Análise do contexto, que analizará, como mínimo, a situación de partida no centro en relación á lectura e ao fomento da mesma.
- c) Obxectivos, nos que se especificarán indicadores e actuacións.
- d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Artigo 20. O plan de biblioteca

O plan de biblioteca terá por finalidade a promoción da biblioteca do centro como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe, e incluírá, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación do mesmo.
- b) Análise do contexto, que analizará, como mínimo, a situación de partida no centro en relación á organización e a xestión da biblioteca, á formación de persoas usuarias, á contribución ao desenvolvemento das competencias do alumnado e ao fomento da lectura.
- c) Obxectivos, nos que se especificarán indicadores e actuacións.
- d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Artigo 21. O plan dixital

O plan dixital concíbese como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e incluírá, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación do mesmo.
- b) Análise do contexto, que analizará, como mínimo, a situación de partida no centro respecto do uso das tecnoloxías dixitais.
- c) Obxectivos, nos que se especificarán indicadores e actuacións.
- d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Artigo 22. O plan de actividades físicas e hábitos saudables

O plan de actividades físicas e hábitos saudables terá por finalidade a práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e incluírá, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación do mesmo.
- b) Análise do contexto, que analizará, como mínimo, a situación de partida no centro en relación á práctica diaria de actividade física, de alimentación e de hábitos de vida saudable, hixiene persoal e descanso.
- c) Obxectivos, nos que se especificarán indicadores e actuacións.
- d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Artigo 23. A concreción anual dos plans educativos

1. Os plans educativos do centro, aos que se refire este capítulo, concretaranse anualmente na programación xeral anual a través de actuacións enfocadas ao logro daqueles obxectivos establecidos en cada plan que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico.

2. Para cada unha das actuacións ás que se refire o número anterior estableceranse accións determinadas, a súa temporalización, as persoas responsables da súa execución e, de ser o caso, os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadado.

Así mesmo, na concreción anual de cada un dos plans indicaranse as persoas responsables ou coordinadoras, e, no caso de as haber, as persoas que configuren o equipo correspondente.

3. Promoverase o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento da concreción anual destes plans.

1.4 Capítulo IV. Avaliación, participación e dereito á información

1.4.1 Sección 1ª. Avaliación

Artigo 24. Carácter da avaliación

1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, tanto no ámbito individual como no colectivo.

No referente aos procesos de aprendizaxe, servirá para detectar, analizar e valorar as aprendizaxes e o desenvolvemento do alumnado. Para estes efectos, os criterios de avaliación utilizaranse como referente para a identificación das posibilidades e dificultades de cada alumna e de cada alumno e para observar o seu proceso de desenvolvemento e as aprendizaxes adquiridas.

No referente ao proceso de ensino, o profesorado avaliará tanto este como a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro, que se recollerán nas programacións didácticas.

2. A avaliación no bacharelato será continua, formativa e diferenciada segundo as distintas materias:

- a) Continua, pois considerárase un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal o profesorado que atende as alumnas e os alumnos recolle información de forma continua sobre o proceso de ensino e aprendizaxe.

b) Formativa, en canto regula e orienta o proceso educativo ao proporcionar unha información constante que permite axustar e mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa coa finalidade de adaptalos ás características persoais de cada alumna e alumno.

c) Diferenciada segundo as distintas materias, xa que o profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.

4. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo, de acordo coa normativa de atención á diversidade.

Artigo 25. Sesións de avaliación

1. As sesións de avaliación son as reunións que mantén o equipo docente de cada grupo de alumnas e alumnos, co obxectivo de analizar o proceso de aprendizaxe de cada alumna e alumno, así como de tomar as decisións que acomoden a intervención educativa ás características individuais do alumnado e ás características do grupo.

Ao longo do curso realizaranse unha avaliación inicial, tres avaliacións parciais, unha avaliación final ordinaria, que poderá coincidir coa derradeira avaliación parcial, e unha avaliación final extraordinaria.

2. As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará todo o profesorado que imparta docencia, e poderá contarse coa participación do profesorado que realice o seguimento e a avaliación das materias pendentes. Darase a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantas alumnas e alumnos o compoñan.

Nestas sesións de avaliación, con carácter xeral, contarase co asesoramento do departamento de orientación e co apoio do equipo directivo.

3. En cada sesión, a avaliación de cada materia é competencia do profesorado que a imparta ou, de ser o caso, realice o seguimento e avaliación das materias pendentes. O resto de decisións serán competencia do equipo docente. Entenderase por equipo docente de cada alumna e alumno, aquel profesorado que lle imparta docencia e o que realice o seguimento e a avaliación das materias pendentes.

4. De cada unha das sesións de avaliación, a titora ou o titor levantará a correspondente acta de desenvolvemento da sesión, na cal se farán constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e os acordos acadados e motivados referidos a cada alumna e a cada alumno, e ao grupo no seu conxunto, especificando aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes do alumnado e da práctica docente e as propostas de mellora.

5. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción, á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todo aquilo que incida no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

Artigo 26. Avaliación inicial

1. O profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha sesión de avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.

2. Para esta avaliación inicial, recolleranse os datos máis destacados do proceso de desenvolvemento da alumna ou do alumno, terase en conta a información relevante achegada polo propio alumnado, ou pola nai, o pai ou a persoa titora legal da alumna ou alumno menor de idade, e, se é o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar e os informes de escolarización anteriores.

A avaliación inicial completarase coa información obtida polas e polos docentes do grupo de alumnado durante as primeiras sesións lectivas do curso académico.

3. As programacións didácticas recollerán as decisións relativas ao tipo de información que se precisa para realizar a avaliación inicial, así como as técnicas ou os instrumentos que se van empregar para recoller e consignar a dita información.

4. A data límite para a realización desta sesión de avaliación inicial determinarase na norma que estableza o calendario escolar para cada curso académico.

Artigo 27. Avaliacións parciais

1. Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación parciais para cada grupo. Nestas sesións, se for o caso, farase o seguimento do proceso de recuperación das materias pendentes do alumnado do grupo. A derradeira destas sesións poderá coincidir coa avaliación final ordinaria.

O profesorado que imparta docencia e o profesorado encargado do seguimento e a avaliación das materias pendentes deberán consignar nas actas de avaliación as cualificacións das materias das que son responsables.

2. As actas das avaliacións parciais axustaranse no seu contido aos modelos recollidos no anexo IV.

3. As datas para a realización destas sesións parciais concretaranse tendo en conta un reparto equilibrado na duración dos tres períodos.

Artigo 28. Avaliación final ordinaria e extraordinaria

1. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso. No caso da sesión de avaliación final ordinaria de 2º de bacharelato, adecuaranse ás datas previstas para a proba de acceso á universidade.

2. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final ordinaria, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

3. No primeiro curso de bacharelato, o período que abrangue desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.

No segundo curso de bacharelato, no período que abrangue desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da proba de acceso á universidade e das probas extraordinarias.

Artigo 29. Cualificacións

Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase «Non presentada/o» (NP).

Artigo 30. Promoción

1. As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para estes efectos, só se computarán as materias nas que estea matriculada a alumna ou o alumno.
2. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso, nas condicións reguladas no artigo 11.
3. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade. Neste caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.
4. O alumnado que ao termo do segundo curso tivese avaliación negativa nunha ou máis materias poderá:
 - a) Matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas. Neste caso poderá solicitarlle á dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, quedando unicamente exento da súa avaliación, debendo cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo.
 - b) Repetir o curso completo. Neste caso non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

Artigo 31. Titulación

1. Será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato para a obtención do título de bacharel.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir que unha alumna ou un alumno obteña o título de bacharel cando supere todas as materias agás unha, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade, ou vía, pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Para os efectos deste cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

Os criterios en relación coas letras a), b) e c) serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

2. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

3. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade, de vía ou de materias, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

4. Nas actas de avaliación final ordinaria ou extraordinaria de 2º curso, no expediente académico e no historial académico farase constar ademais unha media normalizada, calculada sen ter en conta a cualificación das ensinanzas de relixión, co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrência entre todo o alumnado para os efectos de acceso a outros estudos, a obtención da mención de matrícula de honra e as convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo.

Artigo 32. Titulación desde outros estudos

1. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en formación profesional poderá obter o título de bacharel na modalidade Xeral mediante a superación das materias comúns.

2. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en Artes Plásticas e Deseño, e o alumnado que superara as ensinanzas profesionais de Música ou de Danza, poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes mediante a superación das materias comúns.

3. A nota que figurará no título de bacharel deste alumnado deducirase da seguinte ponderación:

a) O 60 % da media das cualificacións obtidas nas materias comúns do bacharelato.

b) O 40 % da nota media obtida nas ensinanzas mediante as que se accede á obtención do título, calculada conforme o establecido nos seus respectivos reais decretos de ordenación.

Artigo 33. Titulación desde os estudos de bacharelato para persoas adultas

1. As alumnas e os alumnos que cursen o bacharelato no réxime para persoas adultas obterán o título sempre que obtivesen avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato, ou en todas as materias agás unha. Neste último caso, deberanse reunir as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu un abandono da materia por parte da alumna ou do alumno, conforme os criterios establecidos por parte dos centros no marco do disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

2. Así mesmo, o alumnado que curse estas ensinanzas e se atope en posesión dalgún dos títulos a que se refire o artigo 32 poderá obter o título de bacharel mediante o procedemento previsto no devandito artigo.

3. Tamén poderán obter directamente o título de bacharel as persoas maiores de vinte anos que, a través das probas organizadas en cada curso académico pola consellería con competencias en materia de educación, demostren alcanzar os obxectivos e as competencias clave do bacharelato.

Artigo 34. Matrícula de honra

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

Para este cálculo e o outorgamento da mención, no caso de que o centro oferte o bacharelato en distintos réximes, contarase para cada réxime de xeito independente. No caso do réxime para persoas adultas contará soamente o alumnado matriculado en ensinanza de adultos cuxa matrícula lle permita obter o título de bacharel ao finalizar o curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. Os criterios xerais de outorgamento de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

3. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación da alumna ou do alumno.

Artigo 35. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Co fin de analizar e valorar o proceso de ensino que ten lugar nas aulas e adaptar progresivamente a intervención educativa ás características e necesidades do alumnado, a avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente no bacharelato recollerase no seguimento das programacións didácticas a través dos indicadores de logro establecidos nas mesmas que versarán, como mínimo, sobre os seguintes aspectos:

- a) A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.
- b) A metodoloxía empregada.
- c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.
- d) As medidas de atención á diversidade.
- e) O clima de traballo na aula.
- f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.

Artigo 36. Información da avaliación

As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen, ou o propio alumnado no caso de ser maior de idade. Esta información subministrarase, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e incluírá as cualificacións obtidas en cada materia.

Artigo 37. Modelos dos documentos oficiais de avaliación

1. As actas de avaliación reguladas no artigo 29 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, axustaranse no seu contido ao modelo que se establece no anexo V.

2. O expediente académico regulado no artigo 30 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo VI.

3. O historial académico regulado no artigo 31 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo VII.

4. O informe persoal por traslado regulado no artigo 32 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo VIII.

1.4.2 Sección 2ª. Procedemento de revisión e reclamación

Artigo 38. Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva

1. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, os centros docentes concretarán nas súas normas de organización e funcionamento:

a) Os procedementos para facer públicas a concreción curricular e as programacións didácticas.

b) O procedemento mediante o cal o alumnado, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais poderán solicitar aclaracións, ao profesorado e á persoa titora, acerca das informacións e valoracións que reciban sobre o seu proceso de aprendizaxe, e sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso.

c) O procedemento de revisión de cualificacións das materias e da decisión de titulación do alumnado.

2. As direccións dos centros responsabilizaranse de que a información á que se refire o número 1 deste artigo sexa accesible e se lle dea publicidade para toda a comunidade educativa.

3. A persoa titora e o profesorado das distintas materias manterán, no relativo ao proceso de aprendizaxe, unha comunicación fluída co alumnado e, no seu caso, coas súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais.

4. O alumnado ou, no seu caso, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais poderán solicitar no centro a revisión das cualificacións finais ou da decisión de titulación, e no caso de continuar o desacordo poderán presentar unha solicitude de reclamación ante a xefatura territorial correspondente, segundo o procedemento indicado nos artigos 39, 40, 41 e 42.

Artigo 39. Solicitude de revisión no centro

1. O alumnado, ou de ser o caso, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais, que non estean de acordo coas cualificacións ou decisións adoptadas na avaliación final ordinaria ou extraordinaria, poderán solicitar cantas aclaracións consideren precisas ao profesorado e á persoa titora, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización e funcionamento do centro.

2. No caso de que persista o desacordo, a alumna ou o alumno ou a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán solicitar por escrito á dirección do centro a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

3. As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente de revisión, que se lle remitirán, preferentemente, en formato dixital.

4. Nos centros privados, as solicitudes de revisión tramitaranse na forma e polos órganos que determinen as súas normas de funcionamento.

Artigo 40. Procedemento de revisión de cualificacións finais

1. A dirección do centro trasladará ao departamento didáctico responsable da materia a solicitude de revisión da cualificación final e comunicará á persoa titora.
2. No primeiro día hábil seguinte a aquel en que finalice o prazo de solicitude de revisión, cada departamento didáctico analizará as solicitudes de revisión recibidas e elaborará os correspondentes informes que recollan a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.
3. O departamento didáctico contrastará as actuacións seguidas no proceso de avaliación da alumna ou do alumno co establecido na programación didáctica, que deberán recollese no informe, con especial referencia aos seguintes aspectos:
 - a) A adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou do alumno cos recollidos na correspondente programación didáctica.
 - b) A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
 - c) A correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da materia.
 - d) A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.
4. O departamento didáctico trasladará o informe elaborado á dirección do centro, quen emitirá resolución coa decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada. Esta resolución comunicárase por escrito á alumna ou ao alumno ou, no seu caso, á súa nai, ao seu pai ou ás persoas titoras legais como máximo no día hábil seguinte. Así mesmo, a dirección do centro informará da decisión á persoa titora facéndolle entrega dunha copia da resolución. Esta resolución porá fin ao procedemento de revisión de cualificacións finais.
5. Se, tras o proceso de revisión, procedese a modificación dalgunha cualificación final, a secretaría do centro, co visto e prace da dirección do centro, anotará a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico, a oportuna dilixencia.
6. Á vista do informe elaborado polo departamento didáctico, da resolución da dirección do centro e en función dos criterios de promoción e titulación establecidos con carácter xeral no centro e aplicados á alumna ou ao alumno, a xefatura de estudos e a persoa titora poderán reunir en sesión extraordinaria o equipo docente para revisar as decisións adoptadas.

Artigo 41. Procedemento de revisión da decisión de titulación

1. A dirección do centro trasladará á persoa titora da alumna ou do alumno a solicitude de revisión da decisión de titulación.
2. Nun máximo de dous días hábiles desde a finalización do prazo de solicitude de revisión o equipo docente reunirse en sesión extraordinaria para revisar a decisión adoptada sobre a titulación da alumna ou do alumno.

Na acta da sesión extraordinaria recollerase a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións do equipo docente e a ratificación ou a modificación da decisión obxecto de revisión, razoada e motivada conforme os criterios para a titulación das alumnas e os alumnos establecidos con carácter xeral na concreción curricular.

3. A persoa titora da alumna ou do alumno trasladará a acta á dirección do centro, quen emitirá resolución de ratificación ou modificación razoada da decisión de titulación. Esta resolución porá fin ao procedemento de revisión da decisión de titulación.
4. Se, tras o proceso de revisión, procedese a modificación da decisión de titulación adoptada, a secretaría do centro, co visto e praxe da dirección do centro, anotará a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico, a oportuna dilixencia.

Artigo 42. Solicitude de reclamación ante as xefaturas territoriais

1. Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final dunha materia ou coa decisión sobre a titulación, o alumnado ou, no seu caso, a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán presentar por escrito á dirección do centro docente unha reclamación ante a xefatura territorial correspondente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada.

2. A dirección do centro docente, no prazo máis breve posible e, en todo caso, non superior a dous días hábiles, remitirá por sede electrónica o expediente á xefatura territorial.

O expediente de revisión de cualificacións finais incorporará o informe elaborado no centro polo departamento didáctico, copia fiel dos instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación da alumna ou do alumno, a resolución da dirección do centro, así como, se é o caso, as novas alegacións da persoa reclamante e, se procede, o informe da dirección sobre estas.

O expediente de revisión da decisión de titulación incorporará a acta da sesión extraordinaria do equipo docente, a resolución da dirección do centro e, se é o caso, as novas alegacións da persoa reclamante e, se procede, o informe da dirección sobre estas.

Artigo 43. Procedemento de reclamación

1. No caso de solicitude de reclamación a unha cualificación final, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do departamento didáctico correspondente e da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á estimación da reclamación en función dos seguintes criterios:

- a) A adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou o alumno cos recollidos na correspondente programación didáctica.
- b) A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
- c) A correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da materia.
- d) O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.

2. O Servizo Territorial de Inspección Educativa poderá solicitar a colaboración de persoal docente especialista nas materias a que faga referencia a reclamación para a elaboración do seu informe, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.

3. No caso de solicitude de reclamación da decisión de titulación, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á estimación da reclamación en función dos seguintes criterios:

a) A adecuación dos criterios sobre os que se levou a cabo a decisión de titulación cos recollidos na correspondente concreción curricular.

b) O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.

4. No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, a xefatura territorial emitirá resolución motivada considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo Territorial de Inspección Educativa.

Esta resolución comunicárase de forma inmediata á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e consignarase nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da xefatura territorial porá fin á vía administrativa.

5. Se, tras o proceso de reclamación, procede a modificación dalgunha cualificación final e/ou da decisión titulación para a alumna ou o alumno, a secretaría do centro, co visto e prace da dirección, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e no historial académico, facendo referencia á dita resolución.

Cando, á vista da resolución adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, reunirase o equipo docente en sesión extraordinaria.

6. De conformidade co artigo 119.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o exercicio do dereito á revisión e reclamación de cualificacións non pode resolverse cunha cualificación menor da inicialmente obtida.

7. Tendo en conta que o segundo curso de bacharelato é un curso terminal que posibilita iniciar estudos superiores a través dunha proba de acceso, e coa finalidade de permitir a revisión das reclamacións ás cualificacións finais co tempo suficiente para que a alumna ou o alumno coñeza a súa situación académica antes do inicio da proba, a consellería con competencias en materia de educación ditará as instrucións específicas para cada curso académico nas que se establecerán o procedemento e os prazos que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións.

1.5 DISPOSICIÓNS

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira. Adquisición doutra modalidade no bacharelato

As persoas que obtivesen o título de bacharel por unha das modalidades, ou vías, reguladas no artigo 9 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, poderán obter outra das modalidades, ou vías, mediante a superación, polo réxime de adultos, das materias específicas de modalidade de primeiro e de segundo curso que se requiren para a modalidade elixida.

Disposición adicional segunda. Atención educativa

1. Os centros, en cada un dos cursos de bacharelato en horario coincidente coas ensinanzas de relixión, disporán a debida atención educativa ao alumnado que non curse as ditas ensinanzas.

2. Esta atención educativa en ningún caso poderá concretarse en forma de materia nin levará asociada unha cualificación.

Disposición transitoria primeira. Aplicabilidade da Orde do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

A Orde do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia será de aplicación durante o curso académico 2022/23.

Disposición transitoria segunda. Aplicabilidade da Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia

A Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia será de aplicación durante o curso académico 2022/23 para o segundo curso de bacharelato.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

1. Queda derogada a Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Queda derogada a Orde do 5 de maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa.
3. Queda derogada a Orde do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Queda derogada a Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, en todo o que se refira á etapa de bacharelato.
4. Queda derogada a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, en todo o que se refira á etapa de bacharelato.
5. Queda derogado o artigo 44 da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
5. Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste orde.

Disposicións derradeiras

Primeira. Habilitación para o desenvolvemento normativo

Autorízase á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para tomar as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, xx de xx de 2023

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

BORRADOR

ANEXO I

Modelo de dilixencia para facer constar o cambio de modalidade ou vía

Dilixencia para facer constar que a/o alumna/o....., con data do, abandonou a modalidade, ou vía, de para incorporarse á modalidade, ou vía, de

ANEXO II

Modelo de dilixencia para facer constar a acreditación dos coñecementos previos

Dilixencia para facer constar que, con data do, a/o alumna/o queda autorizada/o para todos os efectos a cursar a materia de segundo curso sen necesidade de cursar a materia do primeiro curso coa cal se vincula, por ter acreditados os coñecementos previos mediante o procedemento de, segundo o disposto no artigo 8 da Orde do XX de XX de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

ANEXO III

Modelos de dilixencia para facer constar a validación ou a exención de materias

a) Dilixencia para facer constar que, con data do, a materia foi motivo de validación por ter superada a materia das ensinanzas profesionais de música /de danza, segundo o disposto en..... (*indicar a normativa de aplicación*).

b) Dilixencia para facer constar que, con data do, a materia foi motivo de exención por.....(*indicar a que corresponda: acreditar estudos das ensinanzas profesionais de danza/ ser deportista de alto nivel ou rendemento*), segundo o disposto en (*indicar a normativa de aplicación*).

ANEXO IV. Modelo de actas de avaliación parcial

CENTRO DE AVALIACIÓN PARCIAL DE 1º BACHARELATO			
Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

Curso: 1º Bac.	1º/2º/3º AVALIACIÓN	Real decreto 243/2022, do 5 de abril, e Decreto 157/2022, do 15 de setembro		
Grupo:		Curso académico:	Data de avaliación:	Nº total alumnado:

Relación alfabética do alumnado		Modalidade	Materias ¹ e cualificacións										
Nº	Apelidos e nome												
			Materia	EF	Fi	LCL I	LE I	LGL I	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²
			Cualif.										
			Materia	EF	Fi	LCL I	LE I	LGL I	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²
			Cualif.										
			Materia	EF	Fi	LCL I	LE I	LGL I	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²
			Cualif.										
			Materia	EF	Fi	LCL I	LE I	LGL I	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²
			Cualif.										
			Materia	EF	Fi	LCL I	LE I	LGL I	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²
			Cualif.										
			Materia	EF	Fi	LCL I	LE I	LGL I	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²
			Cualif.										
			Materia	EF	Fi	LCL I	LE I	LGL I	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²
			Cualif.										

1. Ver as claves de codificación das materias na táboa do anexo V. 2. Se procede

SINATURAS DO PROFESORADO	
	Repetir o cadro de sinaturas en todas as páxinas da acta.

DILIXENCIAS

OBSERVACIÓNS

SINATURAS DO PROFESORADO

Educación Física	Filosofía	Lingua Castelá e Literatura I	Lingua estranxeira I	Lingua Galega e Literatura I
Modalidade obrigatoria:.....	De opción 1:	De opción 2:	Optativa:	Relixión (se procede)

..... dede

Visto e prace
O/A director/a

SELO DO CENTRO

ACTA DE AVALIACIÓN PARCIAL DE 2º BACHARELATO

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

Curso: 2º Bac.	1ª/2ª/3ª AVALIACIÓN	Real decreto 243/2022, do 5 de abril, e Decreto 157/2022, do 15 de setembro		
Grupo:		Curso académico:	Data de avaliación:	Nº total alumnado:

Relación alfabética do alumnado		Modalidade	Cambio modalidade	Materias ¹ e cualificacións										
	Apelidos e nome													
				Materia	LCL II	LE II	LGL II	HEs	HFi	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²
				Cualif.										
				Materia	LCL II	LE II	LGL II	HEs	HFi	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²
				Cualif.										
				Materia	LCL II	LE II	LGL II	HEs	HFi	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²
				Cualif.										
				Materia	LCL II	LE II	LGL II	HEs	HFi	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²
				Cualif.										
				Materia	LCL II	LE II	LGL II	HEs	HFi	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²
				Cualif.										
				Materia	LCL II	LE II	LGL II	HEs	HFi	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²
				Cualif.										
				Materia	LCL II	LE II	LGL II	HEs	HFi	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²
				Cualif.										

1. Ver as claves de codificación das materias na táboa do anexo V. 2. Se procede

SINATURAS DO PROFESORADO

Repetir o cadro de sinaturas en todas as páxinas da acta.

DILIXENCIAS

OBSERVACIÓNS

SINATURAS DO PROFESORADO				
Lingua Castelá e Literatura II	Lingua estranxeira II	Lingua Galega e Literatura II	Historia de España	Historia da Filosofía
Modalidade obrigatoria:.....	De opción 1:	De opción 2:	Optativa:	Relixión (se procede)

..... de de

Visto e prace
O/a director/a

SELO DO CENTRO

ACTA DE AVALIACIÓN PARCIAL DE MATERIAS PENDENTES

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

Curso: 2º Bac.	1ª/2ª/3ª AVALIACIÓN	Real decreto 243/2022, do 5 de abril, e Decreto 157/2022, do 15 de setembro		
Materias pendentes de 1º Bac.		Curso académico:	Data de avaliación:	Nº total alumnado:

Relación alfabética do alumnado		Modalidade	Cambio modalidade	Materias ¹ e cualificacións										
Nº	Apelidos e nome													
				Materia	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹
				Cualif.										
				Materia	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹
				Cualif.										
				Materia	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹
				Cualif.										
				Materia	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹
				Cualif.										
				Materia	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹
				Cualif.										
				Materia	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹
				Cualif.										
				Materia	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹
				Cualif.										

1. Ver as claves de codificación das materias na táboa do anexo V.

SINATURAS DO PROFESORADO

Repetir o cadro de sinaturas en todas as páxinas da acta.

DILIXENCIAS

OBSERVACIÓNS

SINATURAS DO PROFESORADO				
Materia:	Materia:	Materia:	Materia:	Materia:
Materia:	Materia:	Materia:	Materia:	Materia:

..... dede

Visto e prace
O/a director/a

SELO DO CENTRO

ANEXO V. Modelo de actas de avaliación final

ACTA DE AVALIACIÓN FINAL DE 1º BACHARELATO

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

Curso: 1º Bac.	AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA / EXTRAORDINARIA	Real decreto 243/2022, do 5 de abril, e Decreto 157/2022, do 15 de setembro		
Grupo:		Curso académico:	Data de avaliación:	Nº total alumnado:
				Alumnado que promociona:
				Alumnado que non promociona:

Relación alfabética do alumnado		Modalidade	Materias ¹ e cualificacións											Promoción (SI/NON)
Nº	Apelidos e nome													
			Materia	EF	Fi	LCL I	LE I	LGL I	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²	
			Cualif.											
			Materia	EF	Fi	LCL I	LE I	LGL I	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²	
			Cualif.											
			Materia	EF	Fi	LCL I	LE I	LGL I	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²	
			Cualif.											
			Materia	EF	Fi	LCL I	LE I	LGL I	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²	
			Cualif.											
			Materia	EF	Fi	LCL I	LE I	LGL I	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²	
			Cualif.											
			Materia	EF	Fi	LCL I	LE I	LGL I	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²	
			Cualif.											
			Materia	EF	Fi	LCL I	LE I	LGL I	Mod. Obrigat.	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²	
			Cualif.											

1. Ver as claves de codificación das materias na táboa do anexo V. 2. Se procede

SINATURAS DO PROFESORADO	
	Repetir o cadro de sinaturas en todas as páxinas da acta.

DILIXENCIAS

OBSERVACIÓNS

SINATURAS DO PROFESORADO				
Educación Física	Filosofía	Lingua Castelá e Literatura I	Lingua estranxeira I	Lingua Galega e Literatura I
Modalidade obrigatoria:.....	De opción 1:	De opción 2:	Optativa:	Relixión (se procede)

....., dede

Visto e prace
O/a director/a

SELO DO CENTRO

ACTA DE AVALIACIÓN FINAL DE 2º BACHARELATO

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

Curso: 2º Bac.	AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA / EXTRAORDINARIA	Real decreto 243/2022, do 5 de abril, e Decreto 157/2022, do 15 de setembro		
Grupo:		Curso académico:	Data de avaliación:	Nº total alumnado: Nº alumnado proposto para título:

Relación alfabética do alumnado		Modalidade	Cambio modalidade	Materias ¹ e cualificacións											Pro-posta título (SI/NON)	Nota media da etapa	Nota media normalizada ³	Matri-cula honra
Nº	Apelidos e nome																	
				Materia	LCL II	LE II	LGL II	HEs	HFi	Mod. Obrig	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²				
				Cualif.														
				Materia	LCL II	LE II	LGL II	HEs	HFi	Mod. Obrig	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²				
				Cualif.														
				Materia	LCL II	LE II	LGL II	HEs	HFi	Mod. Obrig	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²				
				Cualif.														
				Materia	LCL II	LE II	LGL II	HEs	HFi	Mod. Obrig	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²				
				Cualif.														
				Materia	LCL II	LE II	LGL II	HEs	HFi	Mod. Obrig	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²				
				Cualif.														
				Materia	LCL II	LE II	LGL II	HEs	HFi	Mod. Obrig	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²				
				Cualif.														
				Materia	LCL II	LE II	LGL II	HEs	HFi	Mod. Obrig	De opción 1	De opción 2	Optativa	Relixión ²				
				Cualif.														

1. Ver as claves de codificación das materias na táboa do anexo V. 2. Se procede. 3. Media sen relixión.

SINATURAS DO PROFESORADO

Repetir o cadro de sinaturas en todas as páxinas da acta.

DILIXENCIAS

OBSERVACIÓNS

SINATURAS DO PROFESORADO				
Lingua Castelá e Literatura II	Lingua estranxeira II	Lingua Galega e Literatura II	Historia de España	Historia da Filosofía
Modalidade obrigatoria:.....	De opción 1:	De opción 2:	Optativa:	Relixión (se procede)

....., dede

Visto e prace
O/a director/a

SELO DO CENTRO

ACTA DE AVALIACIÓN FINAL DE MATERIAS PENDENTES

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

Curso: 2º Bac.	AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA / EXTRAORDINARIA	Real decreto 243/2022, do 5 de abril, e Decreto 157/2022, do 15 de setembro	
Materias pendentes de 1º Bac.		Curso académico:	Data de avaliación: N° total alumnado:

Relación alfabética do alumnado		Modalidade	Cambio modalidade	Materias ¹ e cualificacións											
Nº	Apelidos e nome														
				Materia	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹
				Cualif.											
				Materia	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹
				Cualif.											
				Materia	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹
				Cualif.											
				Materia	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹
				Cualif.											
				Materia	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹
				Cualif.											
				Materia	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹
				Cualif.											
				Materia	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹	Materia ¹
				Cualif.											

1. Ver as claves de codificación das materias na táboa do anexo V

SINATURAS DO PROFESORADO

Repetir o cadro de sinaturas en todas as páxinas da acta.

DILIXENCIAS

OBSERVACIÓNS

SINATURAS DO PROFESORADO

Materia:	Materia:	Materia:	Materia:	Materia:
Materia:	Materia:	Materia:	Materia:	Materia:

..... dede

Visto e prace
O/a director/a

SELO DO CENTRO

Claves das materias de bacharelato	
Clave	Materia
AnAp	Anatomía Aplicada
AMus I	Análise Musical I
AMus II	Análise Musical II
Antr	Antropoloxía
Artes Esc I	Artes Escénicas I
Artes Esc II	Artes Escénicas II
Bio	Bioloxía
Bio.Xeo.	Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais
Ciencias Xerais	Ciencias Xerais
Coro I	Coro e Técnica Vogal I
Coro II	Coro e Técnica Vogal II
CuCi	Cultura Científica
CAu	Cultura Audiovisual
DA I	Debuxo Artístico I
DA II	Debuxo Artístico II
DT I	Debuxo Técnico I
DT II	Debuxo técnico II
Deb.Tec I	Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I
Deb.Tec II	Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II
De	Deseño
Eco	Economía
Eco.Emp	Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial
EF	Educación Física
Empresa	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio
Fi	Filosofía
FQ	Física e Química
Fís	Física
Fund.art	Fundamentos Artísticos
LPM	Linguaxe e Práctica Musical
Fr I	Lingua Estranxeira – Francés I
Fr II	Lingua Estranxeira – Francés II
2Fr I	2ª Lingua Estranxeira – Francés I
2Fr II	2ª Lingua Estranxeira – Francés II
Gr I	Grego I
Gr II	Grego II
HArt	Historia da Arte
HFi	Historia da Filosofía
HEs	Historia de España
HmC	Historia do Mundo Contemporáneo

HMD	Historia da Música e da Danza
Ing I	Lingua Estranxeira I– Inglés
Ing II	Lingua estranxeira II – Inglés
2Ing I	2ª Lingua Estranxeira I – Inglés
2Ing II	2ª Lingua Estranxeira II – Inglés
Lat I	Latín I
Lat II	Latín II
LCeL I	Lingua Castelá e Literatura I
LCeL II	Lingua Castelá e Literatura II
LTG.SXX	Literatura Galega do Século XX e da Actualidade
LGeL I	Lingua Galega e Literatura II
LGeL II	Lingua Galega e Literatura II
Lit.Dram.	Literatura Dramática
LUn	Literatura Universal
LPM	Linguaxe e Práctica Musical
MatA I	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I
MatA II	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Mat I	Matemáticas I
Mat II	Matemáticas II
Mat, xerais	Matemáticas Xerais
MEN	Métodos Estatísticos e Numéricos
Mov. culturais	Movimentos Culturais e Artísticos
Prox. Art.	Proxectos Artísticos
Psi	Psicoloxía
Qui	Química
ReCa	Relixión Católica
RelE	Relixión Evanxélica
RelI	Relixión Islámica
RelX	Relixión Xudea
Tec.Enx.I	Tecnoloxía e Enxeñaría I
Tec.Enx.II	Tecnoloxía e Enxeñaría II
TEGP	Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica
TIC I	Tecnoloxías da Información e Comunicación I
TIC II	Tecnoloxías da Información e Comunicación II
Vol	Volume
XHAPG	Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia
Xeog	Xeografía
Xeoloxía	Xeoloxía e Ciencias Ambientais

ANEXO V. Expediente académico do alumnado de bacharelato

EXPEDIENTE ACADÉMICO DE BACHARELATO

Real Decreto 243/2022, do 5 de abril, e Decreto 157/2022, do 15 de setembro

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

DATA DE APERTURA DO EXPEDIENTE:	Nº DE EXPEDIENTE:
---------------------------------	-------------------

DATOS PERSOAIS DA ALUMNA OU DO ALUMNO			
APELIDOS		NOME	
DNI	CÓDIGO XADE	DATA DE NACEMENTO	
LUGAR DE NACEMENTO	PROVINCIA	PAÍS	NACIONALIDADE
ENDEREZO	LOCALIDADE	CONCELLO	C.P.
NOME DA PERSOA RESPONSABLE 1			TELÉFONO / CORREO ELECTRÓNICO
NOME DA PERSOA RESPONSABLE 2			TELÉFONO / CORREO ELECTRÓNICO

CAMBIO DE ENDEREZO	
NOVO ENDEREZO	TELÉFONO

TRASLADO DE CENTRO	
Con data trasladase ao centro con código Concello..... Localidade Provincia Teléfono	
Data de envío do informe persoal por traslado (Centro.....)	/...../.....
Data de envío do Historial Académico ao centro ao que se traslada a/o alumna/o (Centro.....)	/...../.....
Data de entrega do Historial Académico ás nais, os pais ou as persoas titoras legais da alumna/o (Centro.....)	/...../.....

MEDIDAS DE APOIO EDUCATIVO E ADAPTACIÓNS	
	CURSOS
REFORZO EDUCATIVO	1º ☐ 2º ☐
FLEXIBILIZACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN	1º ☐ 2º ☐
OUTRAS:	

CAMBIOS DE MODALIDADE OU VÍA

De ser o caso, dilixencia/s de cambio de modalidade, ou vía.

VALIDACIÓN E/OU EXENCIÓNS

De ser o caso, dilixencia/s da validación/s e/ou exención/s de materias.
(Adxuntarase ao expediente a certificación que acredite a validación ou a exención)

ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS

De ser o caso, dilixencia/s de acreditación de coñecementos previos para cursar materias de continuidade.

OBSERVACIÓNS

RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS

RESULTADO DA AVALIACIÓN DO 1º CURSO DE BACHARELATO		
Código-nome centro		Curso académico 20....-20....
Modalidade:	Réxime:	
Materias	Cualificacións	
	Ordinaria	Extraordinaria
Engadiranse as materias de 2º curso de bacharelato, de ser o caso PROMOCIONA ☐ SI ☐ NON		

..... de de A/O secretaria/o	Selo do centro	Visto e praxe A directora/o director
--	----------------	--

[illegible]

RESULTADO DA AVALIAÇÃO DO 2º CURSO DE BACHARELATO	
1	2
3	4
5	6
7	8
9	10
11	12
13	14
15	16
17	18
19	20
21	22
23	24
25	26
27	28
29	30
31	32
33	34
35	36
37	38
39	40
41	42
43	44
45	46
47	48
49	50
51	52
53	54
55	56
57	58
59	60
61	62
63	64
65	66
67	68
69	70
71	72
73	74
75	76
77	78
79	80
81	82
83	84
85	86
87	88
89	90
91	92
93	94
95	96
97	98
99	100

Código-nome centro	Curso académico 20....-20....
--------------------	-------------------------------

Código-nome centro	Curso académico 20....-20....
--------------------	-------------------------------

Modalidade:	Réxime:
-------------	---------

Réxime:

Materias	
----------	--

Ordinaria

Extraordinaria

Engadiranse as materias pendentes de 1º curso e as materias de cambio de modalidade, de ser o caso

PROPOSTA DE TITULACIÓN ☐ SI ☐ NON

NOTA MEDIA DA ETAPA:

NOTA MEDIA NORMALIZADA:

MATRÍCULA DE HONRA: ☐ SI ☐ NON

..... de de

A/O secretaria/o

Selo do centro

Visto e praxe
A directora/o director

RESULTADO DA AVALIACIÓN DA PERMANENCIA NO 2º CURSO DE BACHARELATO

Código-nome centro

Curso académico 20....-20....

Modalidade:

Réxime:

Materias

Ordinaria

Extraordinaria

Engadiranse as materias pendentes de 1º curso e as materias de cambio de modalidade, de ser o caso

PROPOSTA DE TITULACIÓN ☐ SI ☐ NON

NOTA MEDIA DA ETAPA:

NOTA MEDIA NORMALIZADA:

MATRÍCULA DE HONRA: ☐ SI ☐ NON

..... de de

A/O secretaria/o

Selo do centro

Visto e prace
A directora/o director

.....

.....

Con data .../.../..... a/o alumna/o finalizou neste centro os estudos de bacharelato e fáiselle entrega do historial académico

....., dede

Visto e prace do director/da directora

Selo do centro

Secretario/a

.....

.....

Con data .../.../..... o/a alumno/a finalizou neste centro os estudos de bacharelato e fáiselle entrega do título de bacharel

....., dede

Visto e prace do director/da directora

Selo do centro

Secretario/a

.....

.....

ANEXO VII. Historial académico de bacharelato

HISTORIAL ACADÉMICO DO BACHARELATO

Con data /...../..... a/o alumna/o incorpórase ás ensinanzas de Bacharelato de acordo co Real Decreto 243/2022, do 5 de abril, e o Decreto 157/2022, do 15 de setembro.

DATOS PERSOAIS DA ALUMNA OU DO ALUMNAO			
APELIDOS		NOME	
DOI	CÓDIGO XADE	DATA DE NACEMENTO	
LUGAR DE NACEMENTO	PROVINCIA	PAÍS	NACIONALIDADE
ENDEREZO	CONCELLO	LOCALIDADE	C.P.
NOME DA PERSOA RESPONSABLE 1		TELÉFONO / CORREO ELECTRÓNICO	
NOME DA PERSOA RESPONSABLE 2		TELÉFONO / CORREO ELECTRÓNICO	

OBSERVACIÓNS

--

Datos académicos		
Ano académico no que inicia o Bacharelato		Data matrícula
Código	Nome do centro	Localidade
Concello	Provincia	Teléfono

Datos de escolarización			
Curso académico	Centro	Curso	Data, selo e sinatura do director/da directora

MEDIDAS DE APOIO EDUCATIVO E ADAPTACIÓNS	
	CURSOS
REFORZO EDUCATIVO	1° ☐ 2° ☐
FLEXIBILIZACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN	1° ☐ 2° ☐
OUTRAS:	

--

BORRADOR

RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS

[illegible]

Código-nome centro

Curso académico 20....-20....

PERMANENCIA NO 1º CURSO DE BACHARELATO

A/O alumna/o..... con DNI obtivo no 1º curso de bacharelato polo réxime
e na modalidade de as seguintes cualificacións:

Materias	Ordinaria	Extraordinaria

Engadiranse as materias de 2º curso de bacharelato, de ser o caso

PROMOCIONA ☐ SI ☐ NON

..... de de

A/O secretaria/o

Selo do centro

Visto e praxe

A directora /O director

.....

.....

Código-nome centro

Curso académico 20....-20....

A/O alumna/o..... con DNI obtivo no 2º curso de bacharelato polo réxime
e na modalidade de as seguintes cualificacións:

Materias	Ordinaria	Extraordinaria

Engadiranse as materias pendentes de 1º curso e as materias de cambio de modalidade, de ser o caso

PROPOSTA DE TITULACIÓN ☐ SI ☐ NON

NOTA MEDIA DA ETAPA:

NOTA MEDIA NORMALIZADA:

MATRÍCULA DE HONRA ☐ SI ☐ NON

..... de de

A/O secretaria/o

Selo do centro

Visto e praxe

A directora /O director

.....

.....

Código-nome centro

Curso académico 20....-20....

PERMANENCIA NO 2º CURSO DE BACHARELATO

A/O alumna/o..... con DNI obtivo no 2º curso de bacharelato polo réxime
e na modalidade de as seguintes cualificacións:

Materias	Ordinaria	Extraordinaria

Engadiranse as materias pendentes de 1º curso e as materias de cambio de modalidade, de ser o caso

PROPOSTA DE TITULACIÓN ☐ SI ☐ NON

NOTA MEDIA DA ETAPA:

NOTA MEDIA NORMALIZADA:

MATRÍCULA DE HONRA ☐ SI ☐ NON

..... de de

A/O secretaria/o

Selo do centro

Visto e prace

A directora /O director

.....

.....

ANEXO VIII. Informe persoal por traslado de bacharelato

INFORME PERSOAL POR TRASLADO DE BACHARELATO

Real Decreto 243/2022, do 5 de abril, e Decreto 157/2022, do 15 de setembro

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

D./Dona como titor/a do/a alumno/a con DNI....., código XADE e con data de nacemento ...dede, FAGO CONSTAR que durante o presente o ano académico/..... cursa os estudos correspondentes a ... curso de Bacharelato na modalidade, cos resultados parciais que figuran no cadro que se xunta.

MATERIAS	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
	CUALIFICACIÓN	CUALIFICACIÓN	CUALIFICACIÓN

Medidas de apoio ou adaptacións

--

Observacións

--

....., dede

A titora/O titor

.....

Selo do centro

V. e pr.

A directora /O director

.....